



Concello de Cangas

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/8	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	19 de febreiro de 2018
Duración	Desde as 19:02 ata as 19:23 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 12 de febreiro de 2018

Non hai acordo

Motivo: Falta de tempo

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou deixar pendente de aprobación o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 12 de febreiro de 2018.

Expediente 806/2018. Solicitud de sinalización horizontal

Desfavorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por I. L. G., na que demanda pintado de liña amarela diante da súa tapería, por ter colocada unha rampla de acceso a minusválidos na beirarrúa diante da súa porta de acceso.

A Xunta de Goberno acorda denegar a solicitude realizada polo Sr. L. G., de conformidade co informe emitido pola Policía Local en data 15.02.2018, que é como segue:

"Por parte desta Xefatura non procede o solicitado porque a beirarrúa non pode ser ocupada por rampas, xa que impide o paso de peóns e cadeiras, trátase de sacar barreiras e non de poñelas, por todo isto deberá facela rampla de acceso cara dentro do local deixando a beirarrúa como está e sen obstáculos".

Expediente 801/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 801/2018.- A "NEDGIA GALICIA SDG SA", con domicilio a efectos de notificacións en rúa Lisboa-Edificio Área Central, local 3, H-I-J-Polígono das Fontiñas, PB, para en rúa Reboredo, nº 70-Cangas, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha acometida de 1,00 metro, de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

- * Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.
- * Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "NEDGIA GALICIA SDG SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 6179/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6179/17.- Outorgar a A. F. I., con enderezo no Lagar, nº 17-O Igrexario-O Hío, licenza de obras para no lugar da Madalena-Darbo, regulado pola Ordenanza 9, solo urbano de núcleo rural (URNU), construír unha vivenda unifamiliar de 146,55 m²., de planta baixa, 123,50 m²., de primeiro andar e 40,65 m²., de terrazas, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto R. S. S., de data setembro de 2017 e a autorización da Deputación Provincial de Vías e Obras de data 4 de decembro de 2017. A licenza outorgarase condicionada a que antes do comezo das obras deberá presentar proxecto de execución visado, oficios de dirección e coordinador de seguridade e saúde, deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a cento un mil novecentos noventa e tres euros con vinte e dous céntimos (101.993,22 €).

Acéptaselle a cesión para ampliación do vieiro municipal nunha superficie de 31,89 m²., formalizada en escritura pública de data 31.01.2018, perante a notaría A. T. C. P. e o aval depositado de data 08.02.2018, para responder polas obras de urbanización por importe de trescentos catorce euros con vinte e un céntimos (314,21 €).

Expediente 7622/2017. Licenza de primeira ocupación

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 7622/17.- EXPEDIENTE DE OBRAS Nº 21.363.- LICENZA Nº 20.805.- A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:	
Primeiro.-Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN A J. L. P. M. e T. G. G. R., con enderezo en rúa Costa, nº 2-portal 5-3ºB-Vigo, para unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Camiño de Sartaséns-Menduíña- Aldán, construída ao abeiro da licenza municipal nº 20.805, de conformidade cos planos do estado final de obra visados o 21.06.2017 e tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 9 de febreiro de 2018 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo da mesma data.	
Así mesmo apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.	

Expediente 583/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 583/18.- Dase conta da comunicación previa presentada por S. M. B., para pintado de fachadas en edificación sita en rúa Elvira Martínez, nº 7-San Roque-Darbo, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico Francisco Mallo Lagoa, de data de xaneiro de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil catro euros (3.004,00 €).	

Expediente 585/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 585/18.- Dase conta da comunicación previa presentada por L. B. C., para acondicionar un local para inmobiliaria e vending sito no lugar de rúa Baiona, nº 22-baixo 1-Cangas, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico R. S. C., de data 27 de xaneiro de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil douscentos trinta e tres euros con noventa e tres céntimos (3.233,93 euros).	
Unha vez rematadas as obras presentará o certificado final destas e a comunicación de inicio de actividade no seno do expediente nº 585/2018.	

Expediente 7759/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 7.759/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por RECMBIO OCHOA S.L., para acondicionamento de local para venta ó por maior de repuestos e	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



accesorios de vehículos, sito no lugar de Alto da Portela- Darbo, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto J. M. P. R., de data 18 de decembro de 2.017, referencia catastral. O presuposto de execución das obras ascende a 6.188 euros, e de conformidade ó disposto no artigo 89 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia as obras e usos solicitadas deberán cesar cando así ó acordase o Concello sen dereito a indemnización. Esta autorización aceptada polo propietario e o inquilino, e que figura no expediente farase constar baixo estas condicións no rexistro da Propiedade. As obras e usos executados serán os mínimos imprescindibles ó tratarse dun solo urbanizable no que aínda non se iniciou o procedemento de xestión.

Expediente 796/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 796/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por S. C. D., con enderezo a efectos de notificacións en Camiño de Ximeu-Verín, nº 9-Cangas, para cambio de tella en cuberta de vivenda existente no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto técnico R. S. C. de data 28 de xaneiro de 2018. O presuposto de execución material ascende a tres mil corente euros (3.040,00 €).

Expediente 407/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 407/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por C. P. G., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. García Barbón, nº 118-6ºB-Vigo, para demolición e reconstrución dos muros de cerramentos existentes nos lindes este e oeste a vieiros e construción de novos no linde noreste en parcela sita en Camiño dos Tombos e rúa Pleamar-Santa Marta-Darbo, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data xaneiro de 2018 e co informe do inspector municipal de data 12.02.2018, no que di que en base a esta solicitude de comunicación previa, quedaría reposta a legalidade urbanística. O presuposto de execución material ascende a cinco mil setecentos euros (5.700,00 €).

Expediente 527/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 527/18.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. I. N. P., para reparación de cerramento sito no lugar de Florida, nº 17-Balea-Darbo, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico R. S. C., de data 2 de xaneiro de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a setecentos cincuenta euros (750,00 €).

Expediente 3348/2017. Infracción urbanística nº 18/2017



Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Expediente nº 18/2017-3348/2014

Resultando que no lugar da Rosada, nº 50B, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar o cerramento dun galpón existente mediante paramentos de bloques de formigón prefabricados.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados: A. S. M., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/16, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 158.4 da mesma norma.

Consta a legalización das obras denunciadas autorizada pola Xunta de Goberno Local de data 10.06.2017.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.- euros, de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciránse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de periodo voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada Lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a A. S. M. por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que é presuntamente responsable Abelardo Sotelo Miranda, consistente en realizar o cerramento dun galpón existente mediante paramentos de bloques de formigón prefabricados, no lugar da Rosada, nº 50 B, sen licenza para iso.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de



xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar á interesada o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que lle resulta de aplicación a redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

Consta no expediente informe do inspector de obras de 28 de xuño de 2017 no que sinala que: *'coa comunicación previa 3524 solicitada o 30.05.2017 polo interesado para a legalización das obras obxecto deste expediente de reposición da legalidade urbanística, quedan legalizadas estas'*.

QUINTO.- Comunicar á instrutora a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de ser o caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo á interesada de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pón fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente.

Expediente 699/2017. Infracción urbanística nº 22/2016

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de resolución da instrutora do expediente sancionador nº 699/2017, que é como segue:

"RESOLUCIÓN RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN CONTRA A RESOLUCIÓN DE DATA 20.11.2017 RECAÍDA NO EXPEDIENTE SANCIONADOR Nº 699/2017 (antigo Nº 22/2016)

Examinado o recurso potestativo de reposición interposto por M. R. C. M. contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de novembro de 2017 do expediente sancionador nº 699/2017, resultan os seguintes:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de marzo do 2017, incoouse expediente sancionador nº 22/2016 X 699/2017 a M. R. C. M., por realizar dúas edificacións de planta baixa cunha superficie total de aproximadamente 70 m2., en calidade de edificacións adxetivas, no lugar de Liméns-O Hío, sen contar con licenza para iso.



Segundo.- Con data 21 de agosto do 2017 remitiuse proposta de sanción do expediente de referencia concedéndose á interesada un prazo de quince días para formular alegacións. Durante o prazo conferido ao efecto M. R. C. M., non presenta escrito de alegacións.

Consta no expediente escrito de alegacións formulada pola interesada en data 24 de maio de 2017 no que sinalaba a súa vontade para recuar o muro, segundo o proxecto presentado e o arquivo do expediente. En data 1 de setembro de 2017 a interesada solicita tira de cordas que determine a situación do cerramento que permitirá a legalización das dúas edificacións adxectivas.

Dita legalización pode conlevar a redución da sanción urbanística imposta nun 90% , de conformidade co previsto no artigo 161 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Terceiro.- Con data 20 de novembro do 2017 a Xunta de Goberno Local acorda impoñer a M. R. C. M. unha sanción de seis mil euros (6.000,00 €) (acordo notificado o día 01.12.2017).

Cuarto.- Dentro do prazo conferido para os efectos M. R. C. M., con data 22 de decembro de 2017 (registro de entrada nº 14.891), formula recurso de reposición fronte ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de novembro do 2017, no que manifesta en síntese que:

É unha persoa enferma e pensionista cunha grande invalidez recoñecida nunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña na cal se lle recoñece un trastorno delirante paranoide de longa duración. Indica que non entende porque se lle pon unha sanción de seis mil euros (6.000,00 €) a unha persoa no seu estado.

Enténdese por incapacidade permanente: 'É a situación do traballador afecto de incapacidade permanente e que, por consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, necesita a asistencia doutra persoa para os actos mais esenciais da vida, tales como vestirse, desprazarse, comer ou análogos'.

Pero vistos os documentos obrantes no expediente a persoa sancionada non está declarada incapaz xudicialmente, polo que non se pode anular a sanción imposta mentres non se acredite tal condición.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

PRIMEIRA.- A competencia para a resolución do recurso de reposición presentado de conformidade co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, corresponde á Xunta de Goberno Local, por delegación de Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, 'Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición perante o mesmo órgano que o ditase ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo'.

SEGUNDA.- O artigo 219.1 da LOUG sinala que nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e



directores das obras.

Visto que as obras teñen o carácter de legalizables e que durante a tramitación do expediente sancionador a infractora ten solicitada a realización da preceptiva tira de cordas para poder regularizar a situación, sen que ata o momento se atendera o seu pedimento, cómpre deixar sen efecto a sanción imposta e ordenar a realización inmediata da tira de cordas que permita regularizar a situación urbanística para poder aplicar así as deducións previstas na lei para as sancións leves.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local propón a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición interposto por M. R. C. M. contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de novembro de 2017, no que acordaba, entre outros aspectos impoñer a M. R. C. M. unha sanción de seis mil euros (6.000,00 €), por realizar dúas edificacións de planta baixa cunha superficie total de aproximadamente 70 m²., en calidade de edificacións adxectivas toda vez que non existe unha sentenza ou declaración xudicial que declare a incapacidade da infractora e polo tanto é responsable.

SEGUNDO.- Ordenar a emisión da preceptiva tira de cordas que posibilita a regularización da infracción e posteriormente resolver sobre o expediente sancionador en tramitación, deixando sen efecto polo tanto a sanción imposta en data 20 de novembro de 2017 pola Xunta de Goberno Local, toda vez que se detectou un erro no procedemento que imposibilitou que a infractora regularizase a situación antes da resolución deste, retrotraendo o expediente ao momento anterior á emisión da proposta de sanción.

TERCEIRO.- Dar traslado desta resolución ao departamento de disciplina para que se notifique o acordo á interesada e á Tesourería Municipal.

Contra esta resolución, que é definitiva en vía administrativa, cabe interpor recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado contencioso-administrativo da circunscrición onde radique o inmovible afectado, conforme co disposto no artigo 14.3 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto no artigo 46.1 da citada lei".

Expediente 7348/2017. Reposición á legalidade de actuacións en curso de execución sen título habilitante ou orde de execución ou sen adaptarse ás súas condicións

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da Alcaldía do día 12.02.2018 referente a incoación de expediente sancionador, que di o seguinte:

"Resultando que no lugar de Outeiro-Balea, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar un muro de contención e unha edificación adxetiva.



Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados: D. H. B., promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como leve segundo o sinala o artigo 158.4 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.- euros., de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/2016, indicándolle aos infractores que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/2016 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a D. H. B., por infracción urbanística de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar á interesada o dereito que lle concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesma a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de ser o caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en



Concello de Cangas

caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".

Expediente 7310/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución da garantía a favor de R. I. L., por importe de mil catrocentos trinta euros con cincuenta e cinco céntimos (1.430,55 €), depositada no expediente nº 20.453, licenza de obras nº 20.057.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 718/2018. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza en metálico depositada por P. A. D., por importe de novecentos catorce euros con dezaseis céntimos (914,16 €), para garantir a finalidade do expediente de obra nº 24.455, licenza nº 23.371.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 793/2018. Proposta de solicitude de adhesión ao plan termal "DEPOTERMAL 2018" da Deputación Provincial de Pontevedra

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de Servizos Sociais para a adhesión ao programa da Deputación Provincial "DEPOTERMAL 2018", que é como segue:

"PROPOSTA PARA SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO PLAN TERMAL 'DEPOTERMAL 2018' DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Tomás Hermelo Álvarez, concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade do Concello de



Concello de Cangas

Cangas

EXPÓN:

Que o BOPPO de 12 de febreiro de 2018 publica a convocatoria para a adhesión dos concellos que así o soliciten ao programa termal "Depotermal 2018" promovido pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra. Este programa oferta dúas alternativas:

1.- Programa termal de asistencia diaria a balnearios durante cinco mañás ou tardes consecutivas.

2.- Programa termal de pernotación en réxime de pensión completa de domingo a venres.

Entendendo que este programa se ven realizando nos últimos anos no Concello de Cangas cunha participación e satisfacción importante entre os/as participantes e que a participación neste programa non implica financiamento por parte do Concello de Cangas,

PROPÓN que se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- *Que o Concello de Cangas coñece e acepta as bases da convocatoria do programa 'Depotermal 2018'.*

SEGUNDO.- *Que o Concello de Cangas se adhire ao plan 'Depotermal 2018'.*

TERCEIRO.- *Que o Concello de Cangas acepta as obrigas derivadas desta adhesión como entidade colaboradora na xestión:*

** Cumprir coas obrigas establecidas nas bases reguladoras, segundo o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*

** Rexistrar cada solicitude das persoas empadroadas, no formulario web que a Deputación de Pontevedra habilitará para que a cubran aos e ás profesionais responsables dos concellos, segundo o establecido nas bases reguladoras.*

** Determinar que persoas usuarias se beneficiarán das prazas reservadas para persoas en situación ou risco de exclusión social, circunstancia que deberá ser acreditada mediante a valoración do/da traballador/traballadora social dos servizos sociais comunitarios municipais, de acordo co establecido na base quinta".*

Expediente 311/2018. Solicitude de axuda á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a promoción da igualdade de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida-2018.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentime
nto

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de Servizos Sociais, que di o seguinte:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



"SOLICITUDE DE AXUDA Á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE FORMA INDIVIDUAL E MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA-2018

Publicada no DOG nº 15 de data do 22 de xaneiro de 2018 a Resolución do 29 de decembro de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, para o ano 2018 (SI 435B, SI435A, SI427B).

Visto que o obxecto da resolución e desenvolver programas, actividades, actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o tratamento integral da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar e a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural, así como, para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres, co fin de prestarlles unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás mulleres, en particular a aquelas que pertencen a colectivos de risco de execución ou se encontren nalgunha situación de vulnerabilidade de cara a mellorar a súa situación social laboral e profesional, esta concellería solicita ao director do CIM que redacte memoria de necesidades e importe para formular solicitude aos seguintes programas:

- a) Programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar (Programa de conciliación SI435B). Importe total do proxecto: trinta mil trescentos corenta euros (30.340,00 €).*
- b) Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero (Programa de prevención da violencia de xénero SI435A). Importe total do proxecto: sete mil cento corenta euros (7.140,00 €).*
- c) Programa de apoio aos centros de información á muller (CIM SI427B). Importe total do proxecto: trinta e un mil setecentos setenta e seis euros (31.776,00 €).*

Reunindo o Concello todos os requisitos da resolución de convocatoria que se relacionan, especialmente os do anexo 1.1 e o IV Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, aprobado polo Pleno do Concello de data do 29.04.2016, polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ao abeiro da Resolución do 29.12.2017 da Secretaría Xeral da Igualdade:

- a) Unha axuda polo importe doce mil euros (12.000,00 €), para desenvolver o Programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar (Programa de conciliación SI435B).*
- b) Unha axuda polo importe de sete mil cento corenta euros (7.140,00 €) para desenvolver o Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero (Programa de prevención da violencia de xénero SI435A).*
- c) Unha axuda polo importe de trinta e un mil setecentos setenta e seis euros (31.776,00 €),*



Concello de Cangas

para desenvolver o Programa de apoio aos centros de información á muller (CIM SI427B).

Segundo.- Declarar que o Concello para os diferentes programas que se solicita axuda non solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda de entidade pública ou privada.

Terceiro.- Designar para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade para aspectos relacionados coa tramitación do expediente, á directora do CIM, P. T. G."

Expediente 7154/2017. Proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local para renovación das licenzas municipais de venda ambulante para o ano 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimen
to

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, para a renovación das licenzas municipais de venda ambulante para o ano 2018, que é como segue:

"PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2018

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) no seu capítulo IV prevé que as autorizacións se outorgan por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2017, os titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2018 no modelo formalizado proporcionado outorgando un período de tempo para tal efecto.

II.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal segundo o artigo 18.2 do Regulamento que dispón que se concederán "*previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos*".

III.- Comprobada a documentación presentada polos interesados dentro do prazo outorgado para a renovación de licenzas, despois de subsanar as deficiencias observadas inicialmente por cumprir cos requisitos esixidos procede adoptar o presente acordo polo que se outorga a renovación para o presente ano 2018 das licenzas municipais de venda ambulante das que son titulares as persoas que a continuación se identifican.

IV.- Do mesmo xeito procede, tralo remate do proceso indicado declarar revogadas as licenzas de venda ambulante daqueles titulares que non presentaron a súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado.

Á vista do anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte:

ACORDO

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Primeiro.- Renovar as licenzas municipais de venda ambulante para o ano natural 2018 ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08/04/2013) a:

- Ref: 1. S. K. G.
- Ref: 4. M. E. P. B.
- Ref: 5. P. M. G.
- Ref: 6. M. J. C. L.
- Ref: 7. A. F. B.
- Ref: 8. R. C. L.
- Ref: 10. F. L. P. P.
- Ref: 11. F. J. B.
- Ref: 13. M. L. G. G.
- Ref: 14. P. J. P.
- Ref: 15. F. S. P.
- Ref: 16. F. J. G. A.
- Ref: 18. C. F. T.
- Ref: 19. J. M. D. G.
- Ref: 20. P. E. M.
- Ref: 22. J. J. B.
- Ref: 23. E. R. G.
- Ref: 24. M. I. P. C.
- Ref: 26. F. N. G.
- Ref: 27. M. A. A.
- Ref: 28. Mimos C.B
- Ref: 29. L. G. L.
- Ref: 31. L. C. C.
- Ref: 33. A. P. A.
- Ref: 34. Maquinaria Agrícola Carpintero
- Ref: 35. J. D. G.
- Ref: 36. M. I. M.
- Ref: 37. M. P. D. M.
- Ref: 38. M. T. S. T.
- Ref: 39. J. C. O.
- Ref: 40. M. E. G. P.
- Ref: 41. F. J. V. A.
- Ref: 42. L. S. V.
- Ref: 43. M. P. G.
- Ref: 45. R. J. S.
- Ref: 46. V. B. G.
- Ref: 47. S. G. G.
- Ref: 48. A. D.
- Ref: 49. Carcogal S. Coop. Galega
- Ref: 50. P. J. S.
- Ref: 51. J. A. J. B.
- Ref: 52. M. C. F. R.
- Ref: 53. M. S. F.
- Ref: 54. A. M. T. G.
- Ref: 55. S. T.
- Ref: 56. M. A. F.



Concello de Cangas

- Ref: 57. A. S. J.
- Ref: 58. M. C. A. F.
- Ref: 59. E. H. D.
- Ref: 62. Panaderia Confiteria Laura S.L
- Ref: 64. M. C. G.
- Ref: 66. M. D. S. M.
- Ref: 69. S. E. R.
- Ref: 71. A. P. A.
- Ref: 74. S. D. B.
- Ref: 75. O. E. G.
- Ref: 78. F. J. B.
- Ref: 80. A. M. P. M.
- Ref: 82. A. M. P. F.
- Ref: 83. J.A. R. R.
- Ref: 85. A. V. F.
- Ref: 86. M. D. L.
- Ref: 88. P. G. C.
- Ref: 90. H. C. O.
- Ref: 91. M. T. N. P.
- Ref: 93. M. C. V. S.
- Ref: 94. Mor Fall
- Ref: 97. M. N.
- Ref: 98. M. C. F. P.
- Ref: 99. P. I. E. J.
- Ref: 102. M. T. S. N.
- Ref: 104. M. D. M. A. G.
- Ref: 106. Sol de América Peña Rodríguez
- Ref: 107. G. I. R.
- Ref: 109. S. P. B.
- Ref: 111. J. M. M. Q.
- Ref: 115. M. C. I. B.
- Ref: 117. M. M. M. L.
- Ref: 118. J. D. M.
- Ref: 119. J. A. P. R.
- Ref: 120. C. C. M.
- Ref: 122. M. F. V. M.
- Ref: 125. J. F. P.
- Ref: 126. E. A. G.
- Ref: 127. M. P. P. S.
- Ref: 128. P. F. A.
- Ref: 129. C. H. L.
- Ref: 130. I. G. R.
- Ref: 131. L. G. S.
- Ref: 132. S. F. G.
- Ref: 133. M. D. S.
- Ref: 134. J. B. R.
- Ref: 136. E. L. B.
- Ref: 139. E. D. S.
- Ref: 140. F. S. S.
- Ref: 142. J. F. M.
- Ref: 143. M. C. F. M.

Concello de Cangas



Concello de Cangas

- Ref: 145. A. J. J.
- Ref: 147. Panadería Salgueiro C.B.
- Ref: 148. Plantas A Lagoa S.L
- Ref: 149. G. G. G.
- Ref: 155. J. M. C. N.
- Ref: 157. D. J. J.
- Ref: 160. J. M. P. P.
- Ref: 165. Agrocar Aagricola e Xardín
- Ref: 167. J.C. P. A.
- Ref: 169. U. P. P.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Tesourería, Estatística e Concellería de desenvolvemento económico e emprego local.

Expediente 634/2018. Proposta do concelleiro de Cultura para aprobación das bases dos premios da Cultura para o ano 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta do concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, referente a aprobación de bases dos premios de Cultura para 2018, que é como segue:

"D. Heitor Mera Herbello, concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Cangas

PROPÓN:

Que a Xunta de Goberno Local adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *Aprobación das bases dos premios da Cultura para o ano 2018, segundo o seguinte texto:*

"PREMIOS DA CULTURA PARA O RECOÑECIMENTO PÚBLICO E INSTITUCIONAL

Co obxectivo de incentivar, cohesionar e, ao mesmo tempo, recoñecer publicamente o labor de numerosas persoas e colectivos do noso municipio que desenvolven un traballo inxente a prol da nosa cultura, do noso patrimonio e da creación artística, en calquera das súas múltiples facetas, o Concello de Cangas creou institucionalmente os Premios de Honra; e no presente exercicio 2018 a Concellería de Cultura e Normalización Lingüística desenvolveos de acordo coas seguintes bases:

PREMIOS:

1.- PREMIOS 'XOHAN DE CANGAS':

11.A).- 'PREMIO XOHAN DE CANGAS AO LABOR CULTURAL', *á persoa, colectivo ou entidade pública ou privada que se veña significando polo seu traballo na defensa e*

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



promoción da nosa Cultura en calquera dos seus eidos: música, baile, danza, audiovisuais, teatro, canto, animación sociocultural, tradición oral, cultura popular, etc.

21.B).- 'PREMIO XOHAN DE CANGAS Á CREACIÓN ARTÍSTICA', á persoa, colectivo ou entidade pública ou privada que se teña significado pola súa obra de creación en calquera das facetas.

2.- PREMIO 'IGNACIO CERVIÑO Á RECUPERACIÓN/PROMOCIÓN DO PATRIMONIO'

Dirixido a todas as persoas, colectivos ou entidades públicas ou privadas que se teñan distinguido por desenvolver iniciativas de investigación, recuperación, posta en valor, promoción... do noso patrimonio histórico, artístico, documental, medioambiental ou arquitectónico.

Neste apartado poderán ser premiadas tamén obras concretas que vaian en consonancia co obxecto do premio.

BASES:

1.- Os premios consistirán nun recoñecemento oficial, non levando aparelhada remuneración económica.

2.- Poderán presentar candidaturas todas as asociacións culturais, veciñais, artísticas e sociais do municipio de Cangas, así como, todos os partidos políticos e grupos municipais da corporación canguesa, ata o 16 abril de 2018. As candidaturas debidamente motivadas presentaranse por escrito e asinadas polo promotor no rexistro xeral do Concello de Cangas, ou por correo electrónico: cultura@cangas.gal

3.- De entre todas as candidaturas, escollerá as gañadoras un xurado composto polos membros seguintes:

** O concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, ou persoa en quen delegue, que presidirá o xurado.*

** Tres persoas de recoñecido prestixio, que non sexan candidatas na mesma edición e preferentemente premiados/premiadas anteriormente. Estas persoas serán nomeadas polo concelleiro de Cultura.*

** Os/as seguintes técnicos/técnicas municipais:*

- Un/unha técnico/técnica da área de mocidade.*
- O/a director/directora do Auditorio Municipal.*
- O/A director/directora do Conservatorio ou da Escola de Música.*
- Un/unha técnico/técnica do departamento de Cultura.*
- Un/unha bibliotecario/bibliotecaria responsable da biblioteca central ou das parroquiais, escollido/escollida entre eles.*
- Un/unha técnico/técnica responsable da área de Urbanismo.*

Entre todos os membros do xurado escollerán un/unha secretario/secretaria que actuará con voz e con voto e que levantará acta dos acordos.

4.- Os galardóns entregaranse na 'Festa da Cultura' que se celebrará no Auditorio Municipal



Concello de Cangas

o 17 de maio de 2018".

Expediente 101/2017. PO 93/2005. Dación de conta de Sentenza xudicial nº 27/2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada dos seguintes datos referentes a Sentenza nº 27/2018 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que son como seguen:

1.- PO 93/2005 - RECURSO APELACIÓN Nº 4343/2017.- SENTENZA Nº 27/2018 DITADA POLO T. S. X. GALICIA CON/AD SEC. 2

- A persoa recorrente: "PREFABRICADOS LUIS BARROS SL"

- Contido: que debemos estimar e estimamos en parte, os recursos de apelación interpostos polos procuradores D. L. S. G e D. E. P. C., en nome e representación de "PROMOCIONES LUIS BARROS SL", e o Concello de Cangas, respectivamente contra o Auto de 18 de maio de 2017, ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Pontevedra no Procedemento Ordinario nº 93/2005, polo que se declara a inadmisibilidade por extemporáneo do incidente de 5 de febreiro de 2007, confirmada pola St. da Sala de 12 de febreiro de 2009, revogando este e, entrando no fondo do asunto, desestimamos o incidente de inexecutabilidade promovido, sen custas en ningunha das dúas instancias.

Expediente 690/2018. Dación de conta das sentenzas de data 07.03.2017 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra e de 05.10.2017 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que confirma a anterior resolutorias do PO nº 156/2016 (Ref. X-16/07)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da proposta da Alcaldía do día 12.02.2018 referente a dación de conta de sentenzas resolutorias do procedemento ordinario nº 156/2016, que é como segue:

"Visto o oficio de data 19.01.2018, con rexistro de entrada no Concello nº 1322 do 06.02.2018 foi remitida certificación da Sentenza de data 07.03.2017 ditada no PO nº 156/2016, tramitado polo Xulgado do Contencioso Administrativo, nº 1 de Pontevedra, que ten o carácter de firme, por ter sido confirmada en grao de apelación por Sentenza do TSX de Galicia de data 05.10.2017, da que tamén se achega copia.

Visto o contido do fallo da sentenza número 43/2017, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaída no procedemento ordinario nº 156/2016, co fallo seguinte:

'DESESTIMO o recurso contencioso-administrativo tramitado como Procedimiento Ordinario Nº 156/2016 interposto pola representación procesal de F. P. R., contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas en sesión de data 28 de marzo de 2016

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



pola que se acorda:

*Primeiro.- Ter por desistido da solicitude de renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano natural 2016 e declarar revogada a licenza municipal de venda ambulante a F. P. R. e todo iso con expresa imposición de custas á parte recorrente cun límite de setecentos euros (700,00 €) (gastos de defensa e representación)'.
Visto o contido da Sentenza nº 407/2017 de 05.10.2017, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, resolutoria do recurso de apelación 4226-2017, que no seu fallo dispuxo:*

'Por todo o exposto, en nome do Rei, pola autoridade que lle confire a Constitución, esta sala decidiu desestimar o recurso de apelación interposto por Fernando Pazos Rodríguez, representado polo procurador P. A. L. L.; contra a Sentencia nº 43/2017, de 7 de marzo de 2017, do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada en autos de PO Nº 156/2016.

*Impoñense as custas do recurso de apelación a quen o interpuso, dentro do límite de cincocentos euros (500,00 €)'.
Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

ACORDO

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da Sentenza nº 43/2017 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaída no procedemento ordinario nº 156/2016, instruído a instancia de Fernando Pazos Rodríguez, que ten o carácter de firme.

SEGUNDO.- Tomar coñecemento da Sentenza nº 407/2017 de 05.10.2017, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, resolutoria do recurso de apelación nº 4226-2017, confirmatoria da Sentenza nº 43/2017 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo a Intervención, Tesourería, Apoio Xurídico e a Secretaría".

Expediente C-17/24_6159/2017. Proposta de adxudicación definitiva do contrato administrativo de obra "Renovación do pavimento das pistas de atletismo" (Urxencia)

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentiment o
------------------	---

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía do día 15.02.2018, referente á adxudicación definitiva da obra "Renovación do pavimento das pistas de atletismo", que é como segue:

"Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato administrativo de obra 'Renovación do pavimento das pistas de atletismo'.

Visto que a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada o día 05.02.2018 acordou excluír da licitación á mercantil 'SESTRAMA-09' e requirir ao seguinte licitador clasificado



'LIMONTA SPORT IBÉRICA SL', para a presentación da documentación necesaria para a adxudicación do contrato.

Visto que esta empresa chegou en tempo e forma (entrada nº 2018-E-RC-1755 do día 15.02.2018) a documentación requirida relativa ao xustificante de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias (estatal e autonómica) e coa Seguridade Social, xustificante do pago dos gastos do anuncio de licitación (cento trinta e seis euros con corenta céntimos (136,40 €)), e que así mesmo constituíu garantía definitiva por importe de tres mil setecentos cincuenta e catro euros con setenta e catro céntimos (3.754,74 €), mediante aval de entidade financeira.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'LIMONTA SPORT IBÉRICA SL', o contrato administrativo de obra 'Renovación do pavimento das pistas de atletismo', por importe de noventa mil oitocentos sesenta e catro euros con setenta e nove céntimos (90.864,79 €) (21% de IVE incluído).

Segundo.- O prazo máximo de execución da obra é de 3 meses contados desde o día seguinte ao de formalización da acta de comprobación do replanteo da obra.

Terceiro.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 340/61901 do vixente orzamento municipal.

Cuarto.- Notificar a 'LIMONTA SPORT IBÉRICA SL', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.

Quinto.- Notificar a adxudicación do contrato aos licitadores que non resultaron adxudicatarios nos termos previstos no artigo 151.4 do TRLCSP.

Sexto.- Publicar a formalización do contrato no perfil do contratante.

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCS.

Oitavo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico".

Expediente 517/2018. Solicitud á Axencia Turismo de Galicia para a concesión de axuda para a contratación de persoal para a Oficina de Turismo-2018 ((Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/
Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía do día



15.02.2018, referente a solicitude á Axencia de Turismo de Galicia para a concesión de axuda para a contratación de persoal para a Oficina de Turismo para o ano 2018, que é como segue:

"Solicitude á Axencia Turismo de Galicia para a concesión de axuda para a contratación de persoal para a Oficina de Turismo-2018"

"Publicada no DOG nº 22 de data do 31.01.2018 a Resolución do 2 de xaneiro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

Por Resolución da Consellería de Cultura, Comunicación e Turismo de data do 1 de xuño de 2001 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 31 de maio, polo que se declara municipio turístico galego ao Concello de Cangas, de acordo co disposto no artigo 16 do Decreto 39/2001, de 1 de febreiro, polo que se regula a declaración de municipio turístico galego e publícase no DOGA nº 116 de data do 15 de xuño 2001.

Cumprindo os requisitos e vistas as necesidades, propono á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar unha axuda polo importe de catro mil novecentos cincuenta e sete euros con corenta e seis céntimos (4.957,46 €), para a contratación de unha persoa con un ciclo superior de turismo, grupo B, cunha xeira do 75% da xornada, para o período de tres meses, do 15 de xuño ata o 14 de setembro de 2018, para a Oficina de Turismo de Cangas e cun custo mensual de mil seiscientos once euros con oitenta e dous céntimos (1.611,82 €), valoración ao abeiro do Convenio colectivo do Concello de Cangas, publicado no BOP de Pontevedra do 11.02.1992 e ás táboas salariais estatais vixentes neste momento, Lei 3/2017 de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2017 e publicada no BOE de data do 28.06.2017.

	100% XEIRA	75% XEIRA
salario base	855,13	641,35
C. destino	334,03	250,52
C. específico	205,29	153,97
BASE IRPF	1.394,45	1.045,84

	P. Turismo
SALARIO	1.045,84
P.P. EXTRA	174,31
BASE BRUTA	1.220,15
G.COTIZACIÓN	3
CNAE/OCUPACIÓN	a
% COTA PATRONAL SS	32,10%
CUSTO SS	391,67
CUSTO MENSUAL	1.611,82
CUSTO 3 MESES	4.835,45
INDEMNIZACIÓN DE TRABAJO	1 mes 40,67 3 meses 122,01



Concello de Cangas

<i>CUSTO 1 TRABALLADOR</i>	4.957,46
<i>Nº TRABALLADORES 1</i>	
<i>CUSTO TOTAL</i>	4.957,46

Segundo.- Adoptar o compromiso do Concello de Cangas para o financiamento do importe do orzamento do evento que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ate o importe total da execución prevista, segundo a documentación achegada coa solicitude; así como, a disposición de financiamento para as partidas orzamentarias que sexan financiadas por aquela e o número de traballadores que se van contratar e as súas retribucións salariais brutas, en cómputo mensual, desagregados por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e máis as cotizacións empresariais á Seguridade Social con referencia da publicación oficial do convenio colectivo que resulte de aplicación e xuntando as táboas salariais vixentes no momento da solicitude.

Terceiro.- A conta xeral do Concello de Cangas do exercicio 2016 foi rendida ante o Consello de Contas de Galicia en data do 19.01.2018.

Cuarto.- Declarar que o Concello de Cangas para esta solicitude que se formula non solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada".

Expediente 790/2018.- Adhesión ao Plan de práctica laboral en concellos 2018 da Deputación Provincial de Pontevedra (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/
Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da Alcaldía do día 19.02.2018, referente a adhesión ao Plan de práctica laboral en concellos 2018 da Deputación Provincial de Pontevedra, que é como segue:

"Visto o escrito da Deputación Provincial de Pontevedra do Plan de práctica laboral na deputación e concellos da provincia 2018, no que se fai constar que ao Concello de Cangas, por número de habitantes correspóndelle un total de catro bolseiros/bolseiras e vistas as necesidades municipais, propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra a adhesión ao Plan de práctica laboral en concellos 2018.

Segundo.- Solicitar os seguintes bolseiros/bolseiras:

<i>Perfil dos/das bolseiros/bolseiras</i>	<i>Actividades práctica desenvolver</i>	<i>Departamento e horario</i>	<i>Titor/Titora</i>	<i>Sistema de titorías</i>
<i>2018C064.- Diplomatura/Grao en Relación Laborais/Relación</i>	<i>Prácticas departamento persoal do Concello,</i>	<i>no departamento de persoal do Concello</i>	<i>Técnico en Recursos Humanos, Luis Martínez</i>	<i>Atención personalizada e valoración permanente atendendo</i>

Concello de Cangas



en labores de contratación, recursos humanos ou licenciad@en dereito laboral	Seguridade, Social, confesión de nóminas, partes de accidentes.	Horario estipulado nas bases da Deputación.	Domínguez.	á formación e información detectando os problemas dando vía de solución diaria.
2018C119.- Licenciatura/Grao en publicidade e relacións públicas ou Comunicación audiovisual C108	Prácticas na Xestión de comunicación interna e externa do Concello.	Gabinete de Alcaldía do Concello Horario estipulado nas bases da Deputación.	Secretaria Xeral do Concello, Berta Alonso Soto.	Atención personalizada e valoración permanente atendendo á formación e información detectando os problemas dando vía de solución diaria.
2018C058.- Diplomatura en Xestión e administración pública//Grao en dirección e Xestión Pública, ou licenciad@en dereitoC087	Prácticas xurídicas e administrativas	Oficina de Apoio Xurídico Administrativo do Concello Horario estipulado nas bases da Deputación.	Técnico de Administración Xeral, Paula Piñeiro Portela.	Atención personalizada e valoración permanente atendendo á formación e información detectando os problemas dando vía de solución diaria.
2018C72.- Enxeñería técnica agrícola/Grao en enxeñería agrícola agroalimentaria/grao en enxeñaría agraria/enxeñaría grónoma ou exeñeir@ técnico forestal C079	Prácticas na tramitación de expedientes de Xestión de organismos nocivos.	Departamento de Medio Ambiente do Concello Horario estipulado nas bases da Deputación.	Xefa de Urbanismo do Concello, María Rodríguez Gómez	Atención personalizada e valoración permanente atendendo á formación e información detectando os problemas dando vía de solución diaria.

Terceiro.- Declarar manter os requisitos esixidos nas bases durante o período de vixencia da bolsa, debendo informar de calquera variación das circunstancias e ter dispoñibles os recursos humanos, materiais e técnicos suficientes para o correcto desenvolvemento das prácticas.

Cuarto.- Certificar a titulación e postos dos titores propostos".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos



Concello de Cangas

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850